- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de*



residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notifícalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

20.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR LUGAR: RÚA DA MURALLA 57, PARCELA A3, AGUIÑO, RIBEIRA, 15960. PROMOTOR: MIGUEL ALEXANDRE BARREIRO LAREDO

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, RÚA DA MURALLA 57, PARCELA A3, AGUIÑO, RIBEIRA, 15960**, da que é promotor **D. MIGUEL ALEXANDRE BARREIRO LAREDO**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **27 de xuño de 2025**.

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **4 de xullo de 2025**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. MIGUEL ALEXANDRE BARREIRO LAREDO** **licenza urbanística (Nº 38/25)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, RÚA DA MURALLA 57, PARCELA A3, AGUIÑO, RIBEIRA, 15960**, según proxecto modificado de básico de construción de vivenda unifamiliar, redactado polo arquitecto Don Alberto Martínez Naya, asinado dixitalmente o 21 de maio de 2025, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 23 de maio de 2025, co número de visado 2406471,5, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 26 de xuño de 2025, co número de Rexistro 202500015650.

-Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución con visado colexial, que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSC.

-Deberá adaptarse ás determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 27 de xuño de 2025.



SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*



- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:



- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notifícalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Xerardo Santiago Tarrío Calvo

Visto o escrito presentado por **Xerardo Santiago Tarrío Calvo**, de data 02/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.305), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **15074A019012420000KJ**, **UBICADO neste termo municipal (RUA MOSQUEIROS, Nº 17-19, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA, A CORUÑA).**

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 04/07/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A019012420000KJ**, **UBICADO neste termo municipal (RUA MOSQUEIROS, Nº 17-19, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA, A CORUÑA)**, **non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Francisco Carnés Díaz

Visto o escrito presentado por Elena Segade Vinagre en representación de **Francisco Carnés Díaz**, de data 01/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.091), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **15074A051001710000KT** **UBICADO neste termo municipal (CORRUBEDO, 87, POLIGONO 51, PARCELA 171, RIBEIRA, A CORUÑA).**

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 01/07/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL**



15074A051001710000KT UBICADO neste termo municipal (CORRUBEDO, 87, POLIGONO 51, PARCELA 171, RIBEIRA, A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Carmen Abelleira Vicente

Visto o escrito presentado por **Carmen Abelleira Vicente**, de data 04/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.546), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **0722209NH0102S0005EB UBICADO neste termo municipal (AVDA DE A CORUÑA,Nº 4, PISO 3º, CP 15960- RIBEIRA, A CORUÑA).**

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 04/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0722209NH0102S0005EB UBICADO neste termo municipal (AVDA DE A CORUÑA,Nº 4, PISO 3º, CP 15960- RIBEIRA, A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Etelvina Pérez Silva

Visto o escrito presentado por **Etelvina Pérez Silva**, de data 04/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.577), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **8988923MH9088N0001DW UBICADO neste termo municipal (RÚA SERRIÑO, Nº 18, AGUIÑO, RIBEIRA, A CORUÑA).**

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 04/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8988923MH9088N0001DW UBICADO neste termo municipal (RÚA SERRIÑO, Nº 18, AGUIÑO, RIBEIRA, A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

25.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - José Argibay Lampón

Visto o escrito presentado por **José Argibay Lampón**, de data 07/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.672), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL **15074A032003670000KH UBICADO neste termo municipal (MUIÑOS 1B, OLEIROS, RIBEIRA, A CORUÑA).**



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 07/07/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que o **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A032003670000KH UBICADO neste termo municipal (MUIÑOS 1B, OLEIROS, RIBEIRA, A CORUÑA), non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.**

26.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Fabio César Martínez

Vistos os escritos presentados por **Fabio Cezar Martínez**, de datas 08/04/2025 e 19/05/2025 (Rexistros de entrada nº 8.481 e 11.437), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A050013530000KP, situada en LG FARO, ATALAIA, 15969 RIBEIRA (A CORUÑA).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 10/06/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: CEZAR MARTÍNEZ FABIO

NIF: ***865***

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LG FARO, ATALAIA, 15969 RIBEIRA (A CORUÑA)

Ref. Catastral: 15074A050013530000KP

Plano do PXOM: Planos nº 7.2 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 08.04.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 2025848), unha entrega complementaria a solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Escrito de Reperesentación.
- Referencia Catastral

03.02. Con data do 19.05.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 2025848), unha entrega complementaria a solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.



- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05. INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01. Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano.

A parcela consultada atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en hilera**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráse o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

05.02. Réxime de cesións o inventario:

Segun o establecido para o Solo de Urbano na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, artigo 24 e 36 correspondentemente.

Artigo 36 do RLGS....2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar totalmente as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización da vía necesaria (artigo 24.2 da LSG).

3. No caso de construción de edificios de nova construción ou cambio de uso dos existentes ou rehabilitación integral, tamén terán que realizar pola súa conta a conexión cos servizos existentes no núcleo (artigo 24.3 da LSG).....

No caso que nos compete, comprobase que a parcela linda ca vía pública do inventario polo Este e Oeste. Polo tanto segun o artigo 36, nos supostos anteriormente citados é obrigatorio Ceder o terreo fora da alienación.

05.03. Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Segun PBA, Non presenta afeccións sectoriais.
- Segun a concesionaria de Desague o Ben inmovible conta con lixeiras polo seu fronte.
- Para a Auga potable, a concesionaria e Augas de Corrubedo, tense que poñer en contacto coa asociación para ter a información do punto de enganche para a acometida.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificadas.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Ampliación

Reforma

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva



Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.


Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.





Plano nº 7.2 do PXOM. SÓLO URBANO



Folla 0151A-0305 do PBA.



Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Saneamento a Auga xestiona a comunidade de usuarios de Augas de Corrubedo.



27.- LICENZA DE AGRUPACIÓN-SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: FRANCISCO JOSÉ CRUSAT LÓPEZ. LUGAR: RÚA FALCOEIRO, 40 (Polígono 22 ,Parcela 1197) e lugar de LISTRES (Polígono 22, Parcela 2079), Aguiño, Ribeira

VISTO o expediente incoado a instancia de Dona Lia Lijo Solla, con NIF 53.489.941-Z, en representación de **Don Francisco Jose Crusat Lopez** con NIF 35.201.646-P, sobre solicitude de licenza de agrupación de dúas parcelas nuha e posterior segregación en tres, na Rúa Falcoeiro Nº 40 e Lugar de Listres, na Parroquia de Aguiño, en Ribeira

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **26 de xuño de 2025**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **30 de xuño de 2025**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presents, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a **Don Francisco José Crusat López** con NIF ***016***, licenza (**Nº 4/25**) de agrupación de dúas parcelas nunha e posterior segregación en tres, na Rúa Falcoeiro Nº 40 e Lugar de Listres, na Parroquia de Aguiño, en Ribeira, según **Modificación de proxecto de segregación**, asinado dixitalmente polos promotores e a arquitecta redactora do proxecto o día 23 de xuño de 2025, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada núm. 202500015405, o día 23 de xuño de 2025, e demais documentación técnica obra no expediente.

Os parámetros urbanísticos das parcelas incluídas neste proxecto son as seguintes:

Parámetro	PXOM	Parcela Matriz 1	Parcela Matriz 2	Parcela Segregada 1	Parcela Segregada 2	Parcela Segregada 3
Parcela Mínima	500,00 m ²	1.010,00 m ² ≥ 500,00 m ²	2.970,00 m ² ≥ 500,00 m ²	706,00 m ² ≥ 100,00 m ²	810,00 m ² ≥ 500,00 m ²	2.464,00 m ² ≥ 500,00 m ²
Uso Característico	Vivenda Unifamiliar illada	-----	-----	-----	-----	-----
Fronte mínimo	12,00	42,49 m ≥ 12,00 m	2,61 m ≤ 12,00 m	16,89 m ≥ 12,00 m	16,21 m ≥ 12,00 m	12,00 m ≥ 12,00 m
Condición de Forma	Ø ≥ 12,00 m	Ø ≥ 12,00 m	Ø ≥ 12,00 m	Ø ≥ 12,00 m	Ø ≥ 12,00 m	Ø ≥ 12,00 m
Recuados	A edificación situarase recuada a lindeiros un	-----	-----	-----	-----	-----



	mínimo de 3 metros.					
Altura da edificación	B+1+BC	-----	-----	-----	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----	-----	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----	-----	-----	-----
Ocupación Máxima	≤ 30,00 %	-----	-----	-----	-----	-----
Edificabilidade máxima	≤ 0,8 m ² /m ²	-----	-----	-----	-----	-----
Cornisas e aleiros	A dimensión máxima do saínte será de 0,40 m	-----	-----	-----	-----	-----
Balcóns	Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión será de 60 cm.	-----	-----	-----	-----	-----
Corpos voados pechados	Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m debendo ser acristaladas nun 50% da súa superficie	-----	-----			
Construcións auxiliares	Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15	-----	-----			



	m², só se autorizarán se existe a edificación principal.					
--	--	--	--	--	--	--

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes..

28.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, POLOS DANOS SUFRIDOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 8065KGZ POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2024 RESP000053.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVARES GÓMEZ**, en nome e representación de **MAPFRE COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 21 de agosto de 2024, operarios municipais atopábanse no lugar da estrada ó Faro, parroquia de Corrubedo, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de



roza, cando, de súpeto, unhas pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o vehículo marca Peugeot 308, con placas de matrícula 8065KGZ, propiedade de D^a Marina Cerrato Prego e asegurado na compañía MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/12/2024, co número 202400030577, D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, que cuantifica na contía total de 824,64 €.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: xustificante de aceptación de apoderamento, realizado pola entidade Mapfre España a favor do Sr. Martínez-Olivares Gómez; copia de parte de servizo número 11830 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira; póliza de seguro do automóbil accidentado; certificado de titularidade de conta bancaria de Mapfre España; copia da factura emitida na data 23/10/2024 polo taller “Autos Dunas S.L.”; informe pericial do automóbil danado; permiso de circulación; e xustificante do abono da factura da reparación pola entidade aseguradora.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de Servizo número 11.839 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 19/03/2025 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 24/04/2025 polo Capataz de xardíns do Concello de Ribeira.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións por parte da entidade reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/06/2025 co número 202500014204 e nas que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os



particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade MAPFRE ESPAÑA S.A. COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 15/07/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 15/07/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/07/2025 13:27:18



outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Esta última, actúa representada por D. José Luis Martínez-Olivares Gómez, que acredita debidamente a súa representación.

Por outra banda a **lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo matrícula 8065KGZ. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local no parte de servizo realizado por mor do accidente, e ratificado en informe emitido na data 19/03/2025, dispón:**

➤ *“Se recibe aviso por parte del propietario de un vehículo estacionado en vía pública, Carretera Al Faro nº 29 de la parroquia de Corrubedo, comunicando que los jardineros del concello estaban desbrozando en las aceras de la calle provocando daños a su vehículo. Personados en el lugar, nos entrevistamos con el requirente el cual manifiesta que dejó su vehículo estacionado en la calle y que a primera hora los jardineros del concello estuvieron desbrozando en el jardín y aceras de la calle, manchando sus vehículos de restos de vegetales y provocando daños en la carrocería con las piedrecitas que salían proyectadas y que al llamarles la atención para que parasen, recogieron y se marcharon del lugar. **Se realiza una inspección ocular de los vehículos, observando restos de hierbas en la carrocería y varios puntos donde se aprecian daños al saltar la pintura provocados al parecer por golpes de piedrecitas.** Posteriormente nos ponemos en contacto con el encargado de los operarios del concello, confirmando que estuvieron realizando limpieza de las zonas ajardinadas.”.*

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 24/04/2025 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo matrícula 8065KGZ e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.



Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/06/2025, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/07/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ-OLIVAREZ GÓMEZ, en nome e representación de MAPFRE ESPAÑA S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 824,64 € mais os xuros que legalmente procedan, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 674,64 €.

29.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda sobre a mesa os escritos presentados por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de datas 16/09/2024, 20/09/2024 e 02/06/2025 (Rexistros de entrada nº 23.014, 23.560 e 12.897), nos que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira); así como o informe, de data 16/09/2024, emitido pola Policía Local, e o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 27/06/2025.

30.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE "TENDAS Á RÚA" - Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 07/07/2025, relativa á autorización da celebración “Tendas á Rúa 2025”, e na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar unha nova edición “TENDAS Á RÚA 2025” o sábado 19 de xullo na Praza do Concello en horario de mañá, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 01/07/2025 con Nº de rexistro de entrada 202516154, solicitando:

1. *Autorización para levar a cabo “TENDAS Á RÚA 2025” o 19 de xullo na Praza do Concello desde as 10:00 h hasta as 15:00 h.*
2. *Autorización para carga e descarga da mercancía ao carón da praza.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar a celebración na Praza do Concello** a celebración de “TENDAS Á RÚA 2025” o sábado 19 de xullo desde as 10:00 h hasta as 15:00 h.
- **A entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira, deberá con antelación, coordinarse coa policía local para a carga e descarga da mercancía e para a montaxe e desmontaxe das estruturas (carpas/haimas).**



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado, ás Concellarías de Cultura e Festexos e á Policía Local para o seu coñecemento.**

31.- ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA "XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia" - Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

Vista a proposta do Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abrales Pérez, de data 04/07/2025, relativa á autorización dun anticipo da subvención nominativa "XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia" á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, e na que expón:

"Que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial CIF G36231561 como representante José Luis Sacau Fontenla DNI 36071659T solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 04/07/2025 con Nº de rexistro de entrada 202516542, solicitando:

1. *Un adianto do 50% con carácter urgente ou ben antes do inicio do evento, polo importe de 20.000€, da Subvención Nominativa de 40.000€ para a realización do XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que se celebrará en Ribeira do 17 ao 20 de xullo de 2025."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** con carácter urgente ou ben antes do inicio do evento o adianto de 20.000€ da subvención nominativa para a realización do XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que se celebrará en Ribeira do 17 ao 20 de xullo de 2025.
- Dar traslado deste acordo ao interesado para o seu coñecemento.

32.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN VERTICAL/HORIZONTAL EN RÚA DELICIAS (CORRUBEDO) – José Reino Graña

Vistos os escritos presentados por **José Reino Graña**, de datas 28/06/2025 e 03/07/2025 (Rexistros de entrada nº 16.684 e 16.386), nos que solicita se tomen as medidas oportunas para a mellora da seguridade a través sinalización viaria e pasos de peóns na Rúa Delicias (Corrubedo).

Visto o parte de servizo/intervención (Nº 1223/2025) emitido pola Policía Local, de data 30/06/2025, no que propón unha serie de medidas (sinalización vertical, pintado de pasos de peóns e instalación de redutores de velocidade nos mesmos).



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar en parte a proposta presentada pola Policía Local segundo o contido do citado informe:

- Que se proceda ao pintado dos catro pasos de peóns.
- Tamén deberán instalarse os sinais de paso para peóns S-13.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local.

33.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN VERTICAL/HORIZONTAL EN RÚA DELICIAS (CORRUBEDO) – Cristina García Somoza

Visto o oescrito presentado por **Cristina García Somoza**, de data 16/06/2025 (Rexistro de entrada nº 14.706), no que solicita se tomen as medidas oportunas para a mellora da seguridade a través sinalización viaria e pasos de peóns na Rúa Delicias (Corrubedo).

Visto o parte de servizo/intervención (Nº 1223/2025) emitido pola Policía Local, de data 30/06/2025, no que propón unha serie de medidas (sinalización vertical, pintado de pasos de peóns e instalación de redutores de velocidade nos mesmos).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar en parte a proposta presentada pola Policía Local segundo o contido do citado informe:

- Que se proceda ao pintado dos catro pasos de peóns.
- Tamén deberán instalarse os sinais de paso para peóns S-13.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE EVENTO RELIXIOSO – Iglesia Pentecostal Unida en Europa

Visto o escrito presentado por Giver Roveiro Cano Mejía en representación da **Iglesia Pentecostal Unida en Europa**, de data 30/06/2025 (Rexistro de entrada nº 16.021), no que solicita autorización para a celebración dunha procesión cristiana, o día 15/08/2025, entre as 13:00 h. e as 18:00 h., con inicio no Parque García Bayón, seguindo pola Avenida do Malecón e Rúa de Galicia ata rematar na Praza do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración dunha procesión cristiana, o día 15/08/2025, entre as 13:00 h. e as 18:00 h., con inicio no Parque García Bayón, seguindo pola Avenida do Malecón e Rúa de Galicia ata rematar na Praza do Concello.
- **Deberán poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar o bo desenvolvemento do evento.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



**35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA –
Natalia Mariño Arestín (A TABERNA DE HORSE LUIS)**

VISTO o escrito presentado por **Natalia Mariño Arestín** en representación establecimiento “A Taberna de Horse Luis” (Ribeira), de data 01/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.098), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “A Taberna de Horse Luis” (Ribeira), o día 18/07/2025, en horario de 00:00 h. a 03:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Natalia Mariño Arestín, para evento musical no establecemento hostaleiro “A Taberna de Horse Luis” (Ribeira), 18/07/2025, en horario de 00:00 h. a 03:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “A Taberna de Horse Luis” (Ribeira) (Natalia Mariño Arestín), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

36.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – José Manuel Santos Martínez (RUADA)

Visto o escrito presentado por **José Manuel Santos Martínez**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Ruada**, de data 02/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.334), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 24/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



37.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Sonia María Vidal Queiruga (RETABLO)

Vistos os escritos presentados por **Sonia María Vidal Queiruga**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Retablo**, de data 04/07/2025 (Rexistros de entrada nº 16.544 e 16.543), nos que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 25/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna, e os días 31/07/2025 ao 04/08/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18 ao 25/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna, e os días 31/07/2025 ao 04/08/2025.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Dino René Vivanco Vilches (PLAYA MOSQUEIROS)

VISTOS os escritos presentados por **Dino René Vivanco Vilches** en representación establecemento “Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), de data 04/07/2025 (Rexistros de entrada nº 16.493, 16.494 e 16.495), nos que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Pedra Pateira” (Ribeira), os días 11, 12 e 19/07/2025, en horario de 20:00 h. a 23:00 h., e de 15:00 h. a 23:00 h. o do día 19/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Dino René Vivanco Vilches, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), os días 11, 12 e 19/07/2025, en horario de 20:00 h. a 23:00 h., e de 15:00 h. a 23:00 h. o do día 19/07/2025.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Playa Mosqueiros” (Castiñeiras) (**Dino René Vivanco Vilches**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación*



acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Café Bar A Cambadesa

Visto o escrito presentado por Sidi Randan El Id en representación do establecemento hostaleiro **Café Bar A Cambadesa**, de data 01/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.112), no que solicita autorización para a ocupación temporal de espazo público cunha barbacoa, todos os xoves do mes de xullo de 2025, en horario de 19:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a ocupación temporal de espazo público cunha barbacoa, todos os xoves do mes de xullo de 2025, en horario de 19:00 h. a 23:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

40.- SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO TEMPORAL DE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL – CIM

Visto o escrito presentado por **María Dolores Crujeiras Bringas**, como Directora do **Centro de Información á Muller (CIM)** do Concello de Ribeira, de data 01/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.132), no que solicita a reserva de ocupación temporal da aula do Mercado Municipal de Ribeira (coas chaves), os días 13, 14, 20 e 21/08/2025, en horario de mañá, para a celebración dun curso de cociña dirixido a homes e familiares, para o fomento da corresponsabilidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a ocupación temporal da aula do Mercado Municipal de Ribeira (coas chaves), os días 13, 14, 20 e 21/08/2025, en horario de mañá, para a celebración dun curso de cociña dirixido a homes e familiares, para o fomento da corresponsabilidade.

41.- SOLICITUDE DE CESIÓN DE USO TEMPORAL DE ESPAZO MUNICIPAL – Axuda Integral Santiaguesa do Alcólico

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Vidal Romeu**, en representación de **Axuda Integral Santiaguesa do Alcólico**, de data 01/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.155), no que solicita a reserva de ocupación temporal das aulas situadas na Rúa Cristóbal Colón de Ribeira, todas as tardes dos meses de xullo e agosto de 2025, en horario de tarde, para poder desenvolver as terapias de grupo do programa de prevención de recaídas da Asociación AISA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a ocupación temporal das aulas situadas na Rúa Cristóbal Colón de Ribeira, todas as tardes dos meses de xullo e agosto de 2025, en horario de tarde, para poder desenvolver as terapias de grupo do programa de prevención de recaídas da Asociación AISA.



42.- SOLICITUDE DE CESIÓN CAMPO DA TASCA AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DUN CAMPUS DE VERÁN

LOGO DE VER que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 23-04-2025, con número de rexistro de entrada municipal 9.543, solicitando:

“QUE A S.D. XUVENTU AGUIÑO VAI ORGANIZAR UN CAMPUS DE VERAN DENDE O 14 DE XULLO ATA O 22 DE AGOSTO, AMBOS INCLUSIVE, POLO QUE SOLICITA QUE SE NOS CONCEDA O USO DO CAMPO DA TASCA PARA REALIZALO DEVANDITO CAMPUS NAS DATAS SINALADAS, EN HORARIO DE 9:30 A 13:30 HORAS”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
2. O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 07-07-25, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 07-07-25, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a cesión Campo Municipal da Tasca ao Club Xuventú Aguiño, para a celebración dun “campus de verán”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese do **14 de xullo ao 22 de agosto de 2025, de 9.30 a 13.30 horas**.
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos e actividades deportivas nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.



- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

43.- CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME X

Vista a proposta remitida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva María Betanzos Fernández, de data 07/07/2025, relativa á convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume X, e na que expón:

*“O Concello de Ribeira resultou beneficiario dunha subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, para levar a cabo o Obradoiro de Emprego "TAHUME X", entre os concellos de Ribeira e Porto do Son, segundo Resolución ditada polo Xefe Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de data 19/08/2024 (expediente número 15/00018/2024), ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e tamén resultou beneficiario dunha subvención para incentivos á contratación laboral, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida no obradoiro de emprego, para que contraten a alumnado do obradoiro de emprego durante 3 meses a xornada completa, ascendendo á cantidade de 30.000€ (20 contratos *1.500€/contrato), para o que hai que publicar unha convocatoria de axudas á inserción laboral a través de incentivos á contratación das persoas participantes no obradoiro de emprego Tahume X.”*

Visto o informe emitido ao respect polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a “CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME X”.

44.- SOLICITUDE ACTUACIÓN MUSICAL EN ESTABLECEMENTO – María Jesús Fernández Pérez (CARAVAN PARK)

Visto o escrito presentado por María Jesús Fernández Pérez, en representación do establecemento **Caravan Park**, de data 07/07/2025 (Registro de entrada nº 16.671), no que solicita autorización para a celebración dun evento musical, co motivo da celebración dun cumpreanos, no establecemento Caravan Park (Palmeira), en horario de 20:30 h. a 22:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda non autorizar** a celebración dun evento musical, co motivo da celebración dun cumpreanos, no establecemento Caravan Park (Palmeira), debido a que se descoñece a data de celebración de tal evento.



45.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CARME EN AGUIÑO

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 07/07/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas do Carme de Aguiño, e na que expón:

*“Con data 16 de maio de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-11323) unha solicitude presentada por Pamela Paz Sampedro, que en representación da Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño teñen interese na autorización para a celebración das Festas do Carme na parroquia de Aguiño, os días **16, 17, 18 e 19 de xullo de 2025**, na zona portuaria de Aguino.*

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. Autorización para a celebración da festa nos días indicados.
--

A documentación achegada á área de Cultura e Festexos inclúe:

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">• Programa de actividades no calendario da festa.• Manifesta facerse responsable da renovación ou no seu caso nova Póliza de Responsabilidade Civil. |
|---|

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio



- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

O Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración das Festas do Carme na parroquia de Aguiño no calendario antedito.
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h** nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de contedores e limpeza diaria.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal** segundo a dispoñibilidade.

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1. Autorizar a celebración das Festas do Carme na parroquia de Aguiño, os días **16 ao 19 de xullo de 2025**.
2. Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
3. Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, contedores, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
4. Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
5. Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local e GAEM**.

46.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE CORRUBEDO

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 07/07/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas de Corrubedo, na que expón:



“Con data 19 de maio de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-4863) unha solicitude presentada por Abdón Santos Santos, en representación da Asociación Vivir en Corrubedo, na que se interesa a autorización para a celebración das Festas tradicionais na parroquia de Corrubedo, os días **26xullo e 8, 9, 10 e 15 de agosto de 2025**, na Zona Portuaria desta parroquia.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. **Autorización para a celebración das festas nos días indicados.**
2. **Disposición de 16 valadoiros e sinais para que a explanada portuaria non teña coches.**
3. **Servizo de limpeza e 3 contenedores na explanada durante os días de festa.**
4. **Información horarios.**

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Declaración Responsable.
- Recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil.
- proxecto Técnico e Anexo II (Expte. 2025 OTCU 00039)
- Comunicación da montaxe do 26/7/2025 ás 17h e do 10/8/2025 ás 10h.
- Percorrido da procesión o día 10/8/2025.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.



- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria (ocupación de ocupación de espazo de dominio público portuario entre outros).

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración das Festas de Corrubedo os días 8, 9, 10 e 15 de agosto de 2025 na parroquia de Corrubedo.
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h** nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de servizo de limpeza os días de festa.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento."

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Autorizar a celebración das Festas de Corrubedo, os días **8, 9, 10 e 15 de agosto de 2025**.
- Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

47.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA LXXVII SINJLADURA DA FESTA DA DORNA

Retírase a proposta do Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 07/07/2025, relativa á autorización para a celebración da LXXVII Sinjladura da Festa da Dorna, por mor a que foi autorizada con anterioridade por decreto da Alcaldía.

48.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Sonia Docampo Alonso

Visto o escrito presentado por **Sonia Docampo Alonso**, de data 09/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.878), no que solicita autorización para a ocupación temporal de espazo



público cunha barbacoa, na baixada do camino á Praia dos Mosqueiros (Castiñeiras), para facer unha reunión un grupo de amigos e veciños da zona, o día 12/07/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a ocupación temporal de espazo público cunha barbacoa, na baixada do camino á Praia dos Mosqueiros (Castiñeiras), para facer unha reunión un grupo de amigos e veciños da zona, o día 12/07/2025.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

49.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Daniel Torres Pego (A RECOVEIRA)

Visto o escrito presentado por **Daniel Torres Pego**, en representación do establecemento hostaleiro **A Recoveira**, de data 09/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.898), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18, 19 e 24/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 18, 19 e 24/07/2025, durante a celebración da Festa da Dorna.
- **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

50.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PROCESIÓN EN PALMEIRA – Club de Pensionistas y Jubilados de Palmeira

Visto o escrito presentado por Antonio Muñiz Santalla en representación do **Club de Pensionistas y Jubilados de Palmeira**, de data 09/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.874), no que solicita autorización para a celebración dunha procesión terrestre co motivo do Día do Carme, o día 16/07/2025, a partir das 19:45 h., cun percorrido que comenzará na igrexa seguindo por diferentes rúas de Palmeira. Así mesmo solicita a colaboración municipal co apoio da Policía Local e GAEM.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha procesión terrestre co motivo do Día do Carme, o día 16/07/2025, a partir das 19:45 h., cun percorrido que comenzará na igrexa seguindo por diferentes rúas de Palmeira.
- Prestar a colaboración municipal co apoio da Policía Local e GAEM.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e GAEM para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

